

Decreto nº 86 /2015

Ref.Rectificación erro bases auxiliar policía local

O día 02/03/2015 ditouse a Resolución nº 82/2015 que aproba as Bases reguladoras para a contratación laboral temporal de 4 auxiliares de Policía Local polo prazo de 6 meses e se ordena a publicación nos termos da convocatoria.

Advertido un erro na base 4ª sobor do nome da dirección web municipal.

Considerando que o artigo 105 da Lei 30/1992 permite á Administración en calquera momento a rectificación de erros materiais, aritméticos ou de feito cometidos nos seus actos. Sendo este o caso.

Esta Alcaldía, como órgano competente con carácter residual en todo aquilo non atribuído expresamente a outro órgano pola normativa vixente, sendo o que ditou a Resolución a rectificar RESOLVE:

Primeiro: Rectificar a Resolución de Alcaldía nº 82/2015 de xeito que:

Onde di:

<<As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde, en modelo que figura como Anexo II das presentes Bases que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e na paxina www.portelo/rianxo.com. >>

Debe por:

<< As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde, en modelo que figura como Anexo II das presentes Bases que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e na paxina www.concelloderianxo.es >>

Segundo: Publíquese esta rectificación para o seu coñecemento e efectos nos mesmos lugares que as bases aprobadas.

Terceiro: Asemade publíquense as bases e esta rectificación na sede.concelloderianxo.es cara a outorgarlle maior publicidade e garantir a concorrencia de aspirantes na presentación de instancias, sen prexuízo de que a publicación das distintas actuacións do proceso selectivo se realicen unicamente nos termos indicados nas bases.

Rianxo, 04 de febreiro de 2015

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo